

## Matrícula CUALE 2022-2023

**Do 10 ao 14 de ABRIL 2023**

**Ambos días incluídos. A aplicación web permanecerá aberta ata as 12:00h do mediodía do 14 de abril.**

A **matrícula** realizarase en liña, dende o seguinte enderezo:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/>

### DOCUMENTACIÓN a presentar:

Directamente en <https://www.informaticacentros.com/xunta/>

- Unha fotocopia do DNI ou NIE (**obrigatorio para todo o alumnado**).
- **NOTA IMPORTANTE: O alumnado procedente dos cursos CUALE 2022/2023** que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de **alumnado oficial** para efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, únicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e **NON terá que aboar prezos públicos** polo acceso ás probas de certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico.
- Alumnado MENOR DE 16 ANOS a 31 decembro de 2023, deberá aportar un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no curso escolar 2022/2023, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte ó modelo do [ANEXO II](#).
- No caso de alumnado con diversidade funcional, deberá achegar a documentación acreditativa e, se solicita adaptación, cubrir o [ANEXO III](#).

**NOTA IMPORTANTE:** O alumnado CUALE non poderá realizar as probas nesta convocatoria se xa se presentou ao mesmo nivel e idioma polo **régime LIBRE** no presente curso académico 22-23 (probas realizadas en febreiro 2023).